Arbutus unedo L., 1753

- érbedo, albedro, erbedeiro
- madroño, madroñera, borto, borrachín
- gurbitz o gurbitza
- arboç o arbocer
- strawberry tree
- medronheiro



DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Ericaceae**	***Arbutus***

ORIXE

Orixinario da rexión mediterránea e o oeste de Europa.

CARACTERÍSTICAS

Árbore perennifolia, xeralmente pequena, de ata 10 metros de altura. Presenta unha copa apertada, por regra xeral avultada, redondeada e de aspecto bastante regular. A codia é habitualmente retorta e moi ramificada. As follas son elípticas e alongadas, acuminadas, aproximadamente dúas veces máis longas ca anchas, de entre 10 e 15 cm de lonxitude e uns 5 cm de ancho, de marxe enteira ou finamente dentada, de cor verde escuro e brillante pola face, mentres que o envés é visiblemente máis claro. As flores posúen unha corola en forma de pequena urna, de cor branca, verde clara ou vermella moi pálida. O froito é unha baga duns 2 cm de tamaño, globosa, con numerosas sementes e verrugas na superficie, de cor amarela ao principio e, finalmente, dun vermello intenso.

HÁBITAT

Bosques mediterráneos, aciñeirais, ladeiras, rochedos, barrancos e desfiladeiros fluviais, dende o nivel do mar ata altitudes comprendidas entre os 800 e os 1200 metros. Prefire solos silíceos ou calcarios, ben drenados, en lugares solleiros ou de semisombra, e climas con invernos non excesivamente fríos.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuídos, sobre todo na rexión mediterránea, aínda que non é raro atopalos ao longo da costa atlántica ata Irlanda.

CURIOSIDADES

O nome científico significa “comer só un” e indica que os seus froitos, se se consomen en exceso, poden provocar unha leve borracheira pola fermentación dos azucres.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor